

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE ABRIL DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D.^a Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D.^a Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:10 horas do día vinte e seis de abril de 2012, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

A concelleira, D.^a Isabel Sesar Otero, incorporase á sesión ás 13:23 horas.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora D.^a Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE NO QUE SE INFORMA DA PUBLICACIÓN DO DECRETO 104/2012, POLO QUE SE FIXA A FORMACIÓN MÍNIMA DOS SOCORRISTAS ACUÁTICOS.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade con nº de rexistro de entrada neste concello 524 con data 19/04/2012, no que se informa que no DOG núm. 67 do luns, 9 de abril de 2012, publícase o Decreto 104/2012, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, indicando no mesmo escrito que a partir do 10 de maio de 2012, ademais da titulación que acredite a superación con avaliación positiva do Curso de formación profesional para o emprego de socorrista acuático (AFDB10, de 240 horas), expedido por unha Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego, esixírase a acreditación de ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia. A partir do 10 de novembro de 2012, soamente poderá exercer a súa actividade profesional nas piscinas de uso colectivo de Galicia as/os socorristas inscritos no Rexistro Profesional de Galicia, polo menos, de xeito provisional.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO QUE SE INFORMA SOBRE A CREACIÓN DO REXISTRO GALEGO DE COMERCIO DE GALICIA

Pola secretaria dáse lectura ao escrito da Dirección Xeral de Comercio con nº de rexistro de entrada neste concello 516 con data 18/04/2012, no que se informa que a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia crea o Rexistro Galego de Comercio de Galicia no seu artigo 8, que ten por obxecto a inscrición dos establecementos comerciais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das asociacións comerciais por eles constituídas. Lembrando que dende o 18 de xaneiro de 2011, os concellos teñen a obriga de de remitir á Dirección Xeral de Comercio extracto dos acordos dos seus órganos de goberno relativos ás licenzas de apertura de establecementos comerciais outorgadas, ou, de ser o caso, as comunicacións previas ou declaracións de responsabilidade recibidas así como a súa modificación.

Dita información pode ser remitida por escrito ou a través do enderezo electrónico cei.dxc@xunta.es.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CONCESIÓN SUBVENCIÓN PARA CREACIÓN DO NOVO SERVIZO LINGÜÍSTICO

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, rexistro de entrada 415 con data 02/03/2012, na que comunica a concesión dunha subvención por importe de 6.881,00 euros para creación do novo servizo lingüístico.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL XUSTIFICACIÓN GASTOS SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada 489 con data 13/04/2012, na que comunica a aprobación do gasto xustificado do anticipo prepagable, correspondente ao Convenio 101/2009 para o financiamento do Servizo de Normalización Lingüística, período 2009/2011, anualidade 2011. Importe concedido: 12.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- COMUNICACIÓN CAMBIO DE TITULARIDADE DO PARQUE EÓLICO DE CODESAS II

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola empresa mercantil Gas Natural Fenosa Renovables, S.L. rexistro de entrada 407 con data 2/04/2012, no que comunica o cambio de titularidade do Parque Eólico de Codesas II de Eufer Renovables Ibéricas 2004, S.A. a favor de Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U., NIF B-84160423 domicilio social en Plaça del Gas 1, 08003 Barcelona e domicilio a efectos de notificacións Av. Arteixo 171, 15007 A Coruña.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS NO QUE SE INFORMA DA NECESIDADE DE SOMETEMENTO Ó PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DA DECLARACIÓN DE INCLUSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FÓRA DE ORDENACIÓN TOTAL DE INMOBLE DESTINADO A GARAXE APARCAMENTO TRAMITADO POR AUTOS RICO S.L.

Pola secretaria recórdase que a Xunta de Goberno Local celebrada o 26/01/2012, acordou recoñecer o inmovible sito en Vistaalegre (Boimil), usado como garaxe aparcamento polo empresa Autos Rico S.L., estando este incurso nas circunstancias establecidas na disposición transitoria 3ª da Lei 2/2010, de 25 de marzo; e acordouse remitir expediente ó Servizo Provincial de Cali-

dade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, remitida certificación deste acordo, rexistro de saída núm. 554 de 05/03/2012, xunto coa documentación do expediente de solicitude para a declaración de inclusión na situación legal de fóra de ordenación total tramitada por D. Alfonso Rico Vereá, en representación de Autos Rico S.L., o Concello solicita asesoramento de se é necesario someter a documentación presentada ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental, é en caso de ser necesario que documentación se tería que remitir.

Pola secretaria dáse lectura á resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con n.º de rexistro de entrada neste Concello 472 con data 12/04/2012, no que se resolve que é necesario someter a actividade de declaración de inclusión na situación legal de fóra de ordenación total de inmovible destinado a garaxe aparcamento, ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental, así como documentación administrativa a presentar polo Concello de Boimorto e documentación administrativa a presentar por Autos Rico S.L.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan comunicar á empresa Autos Rico S.L. a resolución remitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas así como copia da documentación administrativa que debe presentar para continuar coa tramitación do seu expediente.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DA EMPRESA NOVARE TÉCNICA, S.A. INFORMANDO SOBRE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola empresa Novare Técnica, S.A. rexistro de entrada 431 con data 4/04/2012, no que informa que se trata dunha empresa dedicada ó desenvolvemento de proxectos de produción de enerxía eléctrica baseada en recursos renovables, así como a auditoría enerxética e implementación de medidas de aforro e sostenibilidade, con experiencia no desenvolvemento de Parques Eólicos en Galicia. Por esta razón poñense a disposición deste Concello e do alcalde para concertar unha reunión e poder axudar e colaborar en levar a bo porto o Parque Eólico Singular do Concello de Boimorto.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.2.- ESCRITO DE DNA. TAMARA LORENZO BERMEJO SOLICITANDO INSCRIPCIÓN NO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO DESTE CONCELLO.

Pola secretaria procédese á lectura do escrito presentado por Dna. Tamara Lorenzo Bermejo con DNI n.º 44848446X con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Vilanova,7 Sendelle, licenciada en Psicoloxía pola USC no que solicita a inscrición no programa de voluntariado do Concello de Boimorto coa finalidade de colaborar en tarefas encomendadas pola Dirección da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto.

Considerando que esta colaboración é un acto que contribúe a mellorar as relacións sociais a Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- A aceptación de Tamara Lorenzo Bermejo no programa de voluntariado deste Concello para as tarefas encomendadas pola Dirección da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ós Servizos de Emprego e Desenvolvemento Local deste Concello aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.1.1.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE PAVOS NO LUGAR DE BARRAL, PARROQUIA DE MERCURÍN, A INSTANCIA DE D^a. LUCÍA PAZOS BALADO.

Visto o escrito número 511 de data 18/04/2012 no que por D^a. Lucía Pazos Balado solicítase visita de comprobación ás instalacións destinadas á actividade de ampliación de explotación de pavos en Barral, parroquia de Mercurín, e se conceda a lienza para a posta en funcionamento da actividade.

Visto informe técnico de 23/04/2012 de D. Fernando Delgado Juega no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras a visita de comprobación realizada para o outorgamento de licenza definitiva de actividade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. Lucía Pazos Balado licenza definitiva de actividade de ampliación de explotación de pavos sita no lugar de Barral, parroquia de Mercurín, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada = 1.843,70 m²

Tipo = 1 €/m²

Cuota a ingresar: 1.843,70 €uros.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

3.1.2.- LICENZA PARA A PLANTACION DE CASTIÑEIROS (FROITO) NA FINCA Nº 407 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BRATES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D^{na}. MARÍA CARMEN QUINTELA PORTOS.

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D^{na}. María Carmen Quintela Portos, en posesion do DNI núm. 78784778A e con domicilio para os efectos de notificación na rúa Jorge Guillén, 1 1^oC Fonteculler (A Coruña), solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 454 de data 09/04/2012 para a plantación de castiñeiros (froito) na finca nº 407 na parroquia de Brates.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 10/04/2012 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

INFORME:

Con data 9 de abril de 2.012, número de rexistro 454, D^{na}. María Carmen Quintela Portos presentou escrito ante o Concello de Boimorto solicitando permiso para a plantación de castañas frutais na finca nº 407 da zona de concentración parcelaria de Brates.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Concellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

A parcela está clasificada polo PXOM coma solo rústico de protección agropecuaria, lindando co núcleo rural de Nogaredo-Romelas, tal e como se pode comprobar na seguinte imaxe.

.....

De acordo co establecido no artigo 32 o uso agropecuario engloba todo tipo de actividades relacionadas coa produción agropecuaria entendendo como tales a agricultura, os cultivos experimentais ou especiais, a horticoltura ou floricultura baixo invernadoiro, a cría e garda de animais en réxime de estabulación e a cría de especies piscícolas.

Por tanto, desde o punto de vista da súa compatibilidade co plan xeral de ordenación municipal, en solo rústico de protección agropecuaria pódese permitir a plantación de froiteiras, por entenderse que este tipo de árbores poden englobarse dentro da actividade agropecuaria e non forestal.

En ningún caso permitiríase a plantación con fins forestais, xa que se atopa entre os usos prohibidos recollidos no artigo 75 da PXOM relativo ao solo rústico de protección agropecuaria.

ÿNo mesmo senso pronúnciase a lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que no seu artigo 25, no que se establecen os usos prohibidos con carácter xeral, prohibense ás repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos, con independencia dá súa cualificación urbanística.

ÿ que respecta ás distancias mínimas de plantacións de árbores, atópanse recollidas no artigo 41.2.1.1 do PXOM, independentemente dá clasificación urbanística dos predios, segundo a súa especie e zona afectada:

	FORESTAIS		NON FORESTAIS	
	Eucaliptos	Coníferas	Frondosas	Frutais
Vivendas	50 m	25 m	10 m	6 m
Prados e terreos agrícolas	12 m	8 m	6 m	3 m
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm			
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m	4 m	4 m	4 m
Aos mananciais	25 m	10 m	10 m	6 m

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 10 de abril de 2.012.

Fernando Delgado Juega
CERNE INGENIERÍA S.>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Outorgar autorización a Dna. María Carmen Quintela Portos para a plantación de castiñeiros (froito) na finca nº 407 da parroquia de Brates, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN DA FESTA DA CAPELA DA ASUNCIÓN, NA PARROQUIA DE ÁNXELES

Vista a instancia subscrita por **D. Jesús Corral Gómez**, veciño de Boimorto, encargado da organización da festa da Capela da Asunción, pretendéndose a súa celebración no lugar da **área recreativa de Corredoiras**, parroquia de **Ánxeles**, deste termo municipal, durante o día **28 de abril de 2012**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 48.1 do citado Regulamento, a Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autoriza-la celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste termo municipal, durante o referido día, tal como se solicita.

A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servizo ó público sen proverse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprirase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada por **INSTALADOR AUTORIZADO**, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 24 do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, de data 20 de setembro de 1973.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e supletoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo á solicitante e déase traslado do seu contido ó Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

Sendo as 13:23 minutos incorpórase a concelleira D^a. Isabel Sesar Otero.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN DE FESTAS NA PARROQUIA DE BUAZO, EN HONOR AO ANXO DA GARDA

Vista a instancia subscrita por **D. Marcos Cotón Bermudez**, veciño de Boimorto, encargado da organización das festas populares en honor ao Anxo da Garda, pretendéndose a súa celebración no lugar de **Sobreira**, parroquia de **Buazo**, deste termo municipal, durante os días **28 e 29 de abril de 2012**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente li-

cenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 48.1 do citado Regulamento, a Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autoriza-la celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste término municipal, durante o referido día, tal como se solicita. A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servicio ó público sen proveerse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprirase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada por **INSTALADOR AUTORIZADO**, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 24 do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, de data 20 de setembro de 1973.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e suplementoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo á solicitante e déase traslado do seu contido ó Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

3.2.3.- AUTORIZACIÓN DE FESTAS NA PARROQUIA DE SENDELLE, EN HONOR A SANTA CRUZ

Vista a instancia subscrita por **D. Rubén Dario López Blanco**, veciño de Boimorto, encargado da organización das festas populares en honor a Santa Cruz, pretendéndose a súa celebración no lugar de **Iglesia**, parroquia de **Sendelle**, deste termo municipal, durante o día **5 de maio de 2012**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 48.1 do citado Regulamento, a Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autoriza-la celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste término municipal, durante o referido día, tal como se solicita. A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servizo ó público sen proveerse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprírase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada por **INSTALADOR AUTORIZADO**, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 24 do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, de data 20 de setembro de 1973.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e supletoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo á solicitante e déase traslado do seu contido ó Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

3.2.4.- AUTORIZACIÓN CAMBIO DE MATERIAL SERVIZO PÚBLICO DE VIAXEIROS

Vista a solicitude formulada por D. Jesús Enrique Rey Souto, con domicilio a efectos de notificación no número 16 da rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto, Boimorto, A Coruña, con DNI núm. 33290207F, titular da Licenza Municipal nº 10, Clase B) “Auto-turismo”, no que solicita autorización para realizar a renovación de material e substitución do vehículo adscrito ao Servizo Público de transporte de viaxeiros, marca Ford Escort, matrícula C-0933-BU, de cinco prazas, polo de nova adquisición, marca Ford Focus 1.6, matrícula 8033 HJZ, de cinco prazas, nº de bastidor WFOMXXGCBMBM03418; e de acordo co disposto no Regulamento Nacional de Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes de Automóbiles Lixeiros, a Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar ao solicitante a efectuar a devandita renovación, debendo causar baixa o vehículo substituído a tódolos efectos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

3.2.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 7/2012

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 509, con data 18/04/2012, presentada por D. Emilio Ares García, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Iglesia nº 3, Ánxeles, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 13 do lugar de Iglesia, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Mu-

municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Emilio Ares García, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 13 do lugar de Iglesia, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1. URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 15/2012) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 12 DA RÚA CASAL DE MUNÍN DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. ANTONIA ARES ENJAMIO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dna. Antonia Ares Enjamio, con DNI núm. 33133351B, e con domicilio para os efectos de notificación no número 12 da rúa Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 455 de data 09/04/2011 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 12 da rúa Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 10/04/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. Antonia Ares Enjamio, con DNI núm. 33133351B (LO 15/2012) substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 12 da rúa Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra segundo anexo I Ordenanza Fiscal:

5.298,00 €uros.

Liquidación 2%: **105,96 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 16/2012) PARA CERRAMENTO FRONTAL DE FINCA EN VILANOVA (BOIMORTO) TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS TABOADA RIAL

Visto o expediente de licenza urbanística de obras tramitado a instancia de D. Jesús Taboada Rial con DNI nº 33132934P, e con domicilio para os efectos de notificacións no número 10 da rúa Estrada de Lanzá, Boimorto, A Coruña, solicitude con entrada no concello nº 227 con data 12/03/2010, acompañada do proxecto de construción dun muro de cerramento en Vilanova, Boimorto, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Manuel Pedreira Ferreño, colexiado nº 657 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 125/10.

Visto o informe técnico de data 15/03/2010 no que se require documentación, con data 14/02/2012 presenta en rexistro de entrada nº 181 anexo ao proxecto: proxecto técnico de construción dun muro de cerramento, redactado polo mesmo técnico e visado co mesmo número; visto o informe técnico de data 16/02/2012 no que se require documentación, con data 9/04/2012 presentada en rexistro de entrada nº 453 plano nº 1. Edición segunda, asinado polo mesmo técnico e visado co mesmo número.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 12/04/2012 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de secretaría de data 26/04/2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Jesús Taboada Rial con DNI nº 33132934P (LO 16/2012), para a realización das obras previstas no “Proxecto técnico de construción dun muro de cerramento” en Vilanova, Boimorto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Manuel Pedreira Ferreño, colexiado nº 657 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 125/10, presentando anexo e plano ao proxecto visado co mesmo número, no lugar de Vilanova, Boimorto en solo urbano con ordenanza de edificación extensiva.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra para a realización de cerramento as condicións sinaladas no artigo 30.7 do PXOM de Boimorto baixo ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- .- O cerramento respetará a aliñación marcada no PXOM cunha lonxitude de 17 m e unha altura máxima de 2,00 m para elo realízase un muro de bloque de formigón tipo split o similar, con acabado rústico imitando pedra, de 0,60 m de altura, e ata a altura de 2,00 m colocarase malla galvanizada, con postes intermedios cada tres metros, encaixados 35 cm e tornapuntas de reforzo

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **3.176,00 €uros.**

Liquidación 2%: **63,52 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Jesús Taboada Rial, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Ticket 02/04/12	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe a Coruña recoller material ortopedia para a mini-residencia e centro de día	1,55 €
Liquidación número fixo 2012/2464	Deputación Provincial	Taxa publicación anuncio BOP aprobación inicial orzamento exercicio 2012	111,52 €
D-342-24/03/12 182-31/03/12 D-409-16/04/12	Juan López Sánchez 34258362T	Subministro gasóleo automoción Gasolina para o cortacésped Gasóleo calefacción miniresidencia e centro de día	3.175,00 € 40,00 € 2.158,40 €
1-11039536-25/04/12 □	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confeción nóminas e seguros mes de abril 2012	389,16 €
2012/0603-31/03/12	Sociedade Galega do Medio Ambiente A15379803	Tratamento de residuos urbanos mes de marzo 2012	2.724,94 €
FV/120637-31/03/12	Ramón Pampín Bango, S.L. / B-15290430	Pulsadores water servizo colexio público de Boimorto	110,00 €
03 1200037-02/04/12 0000019-01/04/12	TDS Consultores, S.L./ B-47207634	Mantemento programa informático miniresidencia mes de marzo Mantemento programa informático miniresidencia mes de abril	84,19 € 93,22 €
C 81.159-31/03/12 C 81.564-14/04/12	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349	Reparación máquina limpiadora do pavillón Reparación camión pequeno de recollida de lixo	40,85 € 265,75 €
7825-04/04/12	Oli-Servi S.L. / B-15202583	Tóner impresora oficina da educadora familiar	120,01 €
000745-23/04/12 000476-08/03/12	Control de Plagas Andrade, S.L. / B-15989692	Cota bimestral de desinfección, desinsectación e desratización e análise microbioloxía para a prevención da lexiónela servizos realizados na residencia o día 16/04/2012 Cuota bimestral servizos de desinsectación e desratización en edificios municipais	596,55 € 347,57 €
203-91/12 F-7/03/12	Aquagest, S.A. A28220606	Control calidade de auga do abastecemento municipal febreiro 2012	473,07 €
B 331-31/03/12 B 373-13/04/12	Jobegosum S.L. / B-70058268	Material médico para a miniresidencia e centro de día Material médico para a minire-	87,72 €

B 401-23/04/12□		sidencia e centro de día Material médico para a miniresidencia e centro de día	69,12 € 123,66 €
OFFV12/1485-31/03/12	Ofireyco, S.L. / B15342702□	Material de oficina para a □ miniresidencia e centro de día	544,55 €
402837393-11/04/12	MAFRE VIDA, S.A. / A28229599□	Póliza de accidentes PAI nº 0556080077758 período de vixencia 09/04/12 a 09/04/13	225,70 €
3/2012-11/04/12	Multiservicios Cempés 78787497P	Copia de chaves do local social de Sendelle do lado esquerdo e de Arceo	6,00 €
P 2012/04455-16/04/12 VS 2012/03595-04/04/12	Mugatra Sociedad de Prevención S.L.U. B70055504	Servizo de prevención - Do 16/03/2012 ao 15/09/2012 Disciplina de vixilancia da saúde período do 16/03/12 ao 15/03/13	375,65 € 464,07 €
F12540701449-27/03/12	Bricoking, S.A. / A-15914898	Taco e tirafondo para pladur colocación mesa plegable da miniresidencia e centro de día	19,20 €
4000897974-31/03/12	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de marzo 2012	266,11 €
633.869-02/04/12 634.518-02/04/12	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial mes de abril 2012 Mantemento ascensor miniresidencia e centro de día mes de abril 2012	311,71 € 311,97 €
AR306491-30/03/12 AR306882-15/04/12	ABM-REXEL S.L.U. B28262822	Subministro material eléctrico instalación máquinas expendedoras vending miniresidencia e centro de día Material alumado público	70,16 € 806,28 €
21/12-30/03/12	Cerne Ingeniería, S.A. A15056468	Asistencia técnico-urbanística mes de marzo 2012	2.360,00 €
379/12-02/04/12	Gráfica de Asturias, S.L. / B-15342348	Selo de caucho redondo para miniresidencia e centro de día	45,08 €
07-A/12-10/04/12	Ambulancias Vázquez, S.L. / B-15963150	Por traslado de D ^a . Carmen Ríos Roel dende a residencia ata o Hospital Universitario da Coruña e regreso o 10/04/12	151,60 €
352/03/12-31/03/12 399/04/12-12/04/12	Ortoteco, S.L. / B-15153091	Material ortopédico para miniresidencia e centro de día Seis almofadas para a miniresidencia	726,72 € 312,00 €
0101-1200306-31/03/12	COGAMI Reciclado de Galicia S.L. B15467962	Recollida colectores papel e cartón período 01/03/12 ao 31/03/12	90,72 €
Recibo: 2012013173/12/04/12	ARTAI Correduría de Seguros S.A. / A-36768257	Recibo de prima asistencia en viaxe do autobús. Póliza 2012013773. Efecto 17/11/11 ao 17/11/12	181,40 €
164-19/04/12	José Luis Seijo Dans / 32372669P	Cinco unidades ambientador para a miniresidencia	18,29 €

591-20/04/12	Dolores Pazos Garea / 24403008P	Subministro e colocación de espellos e vidros laminados na miniresidencia e centro de día	1.752,30 €	
2/12-23/04/12	Mª del Carmen Rey Seoane / 33289037X	Doce babeiros para a miniresidencia e centro de día	47,40 €	
795-28/03/12	Mercedes Seoane Bravo 33240065M	Plantas para a miniresidencia e centro de día	339,12 €	
950781112-31/03/12	KONE Elevadores S.A. A28791069	Servizo de mantemento ascensor colexio mes marzo 2012	226,49 €	
28-27/03/12	Metalúrgicas y Seguridad Álvarez, S.L. B27164235	Cerres de seguridade ventás da miniresidencia e centro de día de Boimorto	934,56 €	
Relación de data 11 de abril de 2012. Rexistro entrada: 461	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumado público	11.453,03€	
Relación de data 24 de abroñ de 2012 Rexistro entrada: 543		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	278,29 €	
		Abonos: local Corneda e escolas de Liñeira e Iglesia	- 201,42 €	
		Recibos de subministro de luz ao alumado público	10.502,48€	
01120312621042-31/03/12		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	2.968,57 €	
		Abonos: alumado público de Segade (Dormeá) e Abeleira (Sendelle)	- 6,33 €	
		Subministro eléctrico edificio antiga cámara agraria período 03-02-12/26-03-12	7,67 €	
28-D282-471981 01/04/12	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móbiles	180,31 €	
TA3YQ0529890	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	124,30 €	
TA3YQ0529889		Recibo teléfono xulgado de paz	24,26 €	
TA3YQ0543038		Recibo teléfono ascensor concello	16,49 €	
TA3YQ0543402		Recibo teléfono oficinas Concello e reparación teléfono alcaldía	555,03 €	
TA3YQ0551127		Recibo teléfono PAI	68,69 €	
TA3YQ0529892		Recibo teléfono ascensor miniresidencia	27,77 €	
TA3YQ0553436		Recibo teléfono miniresidencia	19,40 €	
TA3YQ0105546		Recibo teléfono centro de maiores	58,95 €	
TA3YQ0546149				98,94 €
19/04/12				

5.2.- ESCRITO DE D^a. MARÍA JESÚS FILLOY BALSEIROS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DAS OBRAS “MEJORA DEL CAMINO DE CAMPO DA LANZA A OTROS (PARROQUIAS DE ÁNXELES Y DORMEÁ)”.

Pola secretaria dáse conta do escrito de D^a. María Jesús Filloy Balseiros, en representación da empresa Antonio Filloy, S.A., con rexistro de entrada neste concello nº 520 con data 19/04/2012, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, pola seguinte obra:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
Mejora del camino de Campo da Lanza a otros (Parroquias de Ánxeles y Dorneá)	3.658,48 €	07/04/2011

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 09/04/2012, a Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero

ACORDA:

PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, xa que a empresa realizou a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.3.- ESCRITO DE D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DAS OBRAS “MEJORA DE ESPACIO PÚBLICO PARA CELEBRACIÓN DE MERCADO TRADICIONAL”.

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 402 con data 30/03/2012, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en aval bancario, pola seguinte obra:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
Mejora de espacio público para celebración de mercado tradicional	3.323,37 €	15/03/2011

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 02/04/2012, a Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero

ACORDA:

PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, xa que a empresa realizou a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 80, 83, 92 e 105 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 13:47 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

E para que así conste, en cumprimento do disposto no artigo 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a súa remisión ao Ilmo. Sr. Subdelegado do Goberno e á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, expido a presente por orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Boimorto a trinta e un de maio de dous mil doce.=====

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez